

SÚMANSE Á CARTA DOS ONCE PREMIOS NACIONAIS

Catrocentos escritores máis reproban a Roberto Varela

O Goberno pídelle aos asinantes “que non se sintan aludidos por palabras fóra de contexto”

REDACCIÓN

GALICIA

cultura@xornaldeg Galicia.com

Os once Premios Nacionais de Literatura, os dous partidos da oposición, os editores e agora tamén dúas asociacións: a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), con 380 membros, e Gáliz, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, con máis de 200 membros entre entidades e creadores, aínda que moitos deles constan tamén na primeira. Con matices distintos, todos critican as polémicas manifestacións do conselleiro de Cultura, Roberto Varela, nas que cualificaba o pasado luns de “ensimesmada e acomplexada” a cultura galega e nas que aseguraba que a meirande parte da produción editorial do país acaba sendo adquirida pola Xunta.

Uns convidano a rectificar, como os editores. Outros piden a súa dimisión, como o PSOE, o BNG e os

escritores laureados polo Ministerio de Cultura dende 1985. Outros, caso das dúas asociacións que tomaron posición onte cun comunicado conxunto, limítanse a facer público o seu “apoio” aos once asinantes da carta: Manuel Rivas, Suso de Toro, Xabier P. DoCampo, Agustín Fernández Paz, Alfredo Conde, Fina Casalderrey, Paco Martín, Antón Santamarina, Manuel Lourenzo, Rubén Ruibal e Xusto Beramendi.

O Goberno segue no mesmo sitio que a semana pasada. O conselleiro xa deixou claro que non pensa rectificar, e moito menos dimitir. Cre, e así o dixo en varias ocasións nos últimos días, que as súas declaracións foron sacadas de contexto. É a mesma tese do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo: “Creo que merece a pena dicirles aos escritores galegos que non se dean por aludidos por palabras sacadas de contexto por persoas que non representan a cultura galega, senón outros intereses”, dixo onte tras a reunión semanal do seu equipo de goberno.

“Estou convencido de que [os autores] queren que os seus libros e a cultura de Galicia se poidan estender ao mundo, se abran a todas as latitudes e a todos os pobos, e niso esta-



Varela e a responsábel de Turismo, Carmen Pardo, en Santiago T. DE LA FUENTE

mos”, dixo Feijóo, quen asegurou que esta vontade lle parece coincidente coa “internacionalización” na que cre o conselleiro de Cultura.

Un dos asinantes da carta que precipitou o onsel de críticas a Varela, o lugués Agustín Fernández Paz, lembrou onte en declaracións a Europa Press que “hai motivos moi evidentes” para pedir a dimisión do conselleiro. “As opinións individuais de

Varela son moi respectábeis, pero como conselleiro de Cultura ten po misión a promoción da cultura galega. Non se pode ter unha persoa que carga contra o que di defender e sentenciou o escritor”.

www.xornal.com

Opina sobre a polémica xerada por Roberto Varela na sección de Cultura da nova web